

## MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DUN EDIFICIO DE SERVICIOS DA ESTRUTURA FLOTANTE PARA ACTIVIDADES NAÚTICO-DEPORTIVAS NA ZONA DO PARROTE NO PORTO DA CORUÑA.

### 1. Antecedentes

Con data 21 abril de 2023 asinouse o convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Axencia Galega de Infraestruturas e a Autoridade Portuaria da Coruña para la redacción do proxecto e execución da obra "Estrutura flotante na zona do Parrote do Porto da Coruña para a realización de actividades náutico-deportivas". Ditas obra atópanse en execución.

A Autoridade Portuaria da Coruña elaborou o "Proxecto de execución dun edificio de servizos da estrutura flotante para actividades náutico-deportivas na zona do Parrote do Porto da Coruña"

### 2. Razóns de necesidade e oportunidade

As actividades que se van a desenvolver no entorno da estrutura flotante requiren dispoñer de espazos en terra que permitan dar cobertura ás mesmas. Polo que se considera necesario complementar a estrutura cun pequeno edificio que, entre outras, dispoña dun almacén para pequenas embarcacións, duchas e zona de aseos.

### 3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en **trescentos setenta e oito mil dezaseis euros con corenta céntimos (378.016,40 €)** IVE non engadido.

A Axencia Galega de Infraestruturas financiará as obras na súa totalidade con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.703.0, código de proxecto 2025 00003, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2025	100.000,00
2026	278.016,40
TOTAL	378.016,40

### 4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Autoridade Portuaria da Coruña e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.



**5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público**

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

**6.- Xustificación da concesión da subvención**

As obras son un complemento necesario para darlle contido a estrutura flotante xa construída.

Aínda que construído en formigón o edificio estará recuberto de madeira para contribuír á integración urbana da fachada marítima e a apertura do porto da Coruña á cidadanía que son obxectivos no que a Xunta de Galicia e a Axencia Galega de Infraestruturas están moi implicadas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

